ROBERTO MERA AUTOR DE 'ALEJANDRO VIANA'

▶ Mera presenta mañá en Lugo o libro 'Alejando Viana. Un galego á fronte do rescate dos refuxiados republicanos', no que recupera a memoria dun familiar seu que logrou, dende o exilio francés, levar a América milleiros de represaliados.

«A súa experiencia facíao idonéo para sacar os refuxiados por mar»

kioskoymas#comunicacion@bng-galiza.org

TEXTO: **K.A.**
FOTO: **EP**

A XESTA de Alejandro Viana foi ignorada durante anos, ata que Mera recuperou a historia dun heroe que, ademais, formou parte da súa propia familia. A obra, que o ano pasado recibiu o premio Antón Losada Diéguez de Investigación e Ensaio, preséntase mañá no Vello Cárcere, ás 19.30 horas.

Viana foi nomeado en Francia xefe da sección de emigración do servizo de evacuación dos refuxiados republicanos. Como chegou a asumir esa responsabilidade?

Durante a Guerra Civil, Viana e o seu amigo Osorio Tafall, tamén de Izquierda Republicana, gañáronse a confianza do presidente do Goberno Juan Negrín. En abril de 1939, ao rematar a guerra, Negrín é quen constitúe en Francia o Servicio de Evacuación de Republicanos Españoles (Sere) e designa a Tafall director xeral e a Viana xefe do Servizo de Emigración. A elección non foi casual: Viana era industrial e exportador marítimo. A súa experiencia era idónea para organizar expedicións colectivas de refuxiados en barco. E ademais sabía manexar capitais entre países, algo fundamental para evitar que os recursos da República fosen incautados polas autoridades francesas e entregados a Franco.

Como chegou el mesmo ao exilio francés?

Mantívose a carón das Cortes e do Goberno da República até os primeiros días de febreiro de 1939. Coa caída de Cataluña cruza os Pirineos e, tras unha breve estadía en Bordeos, instálase en París.

Durante canto tempo asumiu ese traballo?

Como xefe da sección de Emigración exerce entre abril e agosto de 1939, fretando numerosos barcos nos que se evacua máis de 7.000 refuxiados a México e Chile. E dende decembro de 1939 até marzo de 1940 exerce como director xeral do Sere, dirixindo todo o labor humanitario cos republicanos en Francia e organizando expedicións para outros milleiros de refuxiados, agora á República Dominicana. Ademais, dende outubro de 1939 e até a ocupación de Francia polos alemáns en xuño de 1940 Viana foi o representante en París de diferentes organizacións galegas en América encargándose de sacar de Francia centos de refuxiados por encargo delas.

Recopilou testemuñas de persoas ás que Viana axudou? Houbo moitos galegos?

Moitas persoas que saíron de Francia grazas a Viana contárono, con grande agradecemento e agarimo, en memorias e autobiografías que publicaron despois en América.

Roberto Mera. EP

Foi unha fonte importante na investigación para rescatar á vida a Alejandro Viana. Houbo moitos galegos, por suposto, entre eles Florencio Delgado Gurriarán, a quen se dedicaron as Letras Galegas do pasado ano.

Recopilou moita información para o libro, pero coñecía a figura de Viana polo vínculo familiar. Condicionou a vida da familia durante o franquismo ese parentesco?

Chegou a México a finais de 1941 e faleceu en 1952. Neses once anos mantivo correspondencia cos seus sobriños que residían en Ponteareas e Vigo, pero cinguida a aspectos persoais e familiares, ao estar sometida á censura. A súa dona reencontrouse con el en México en 1947, logo de once anos de separación forzosa.

Quedada sin móviles mañana por el Camino Primitivo dirigida a los jóvenes

REDACCIÓN

LUGO. La Concellería de Xuventude organiza una quedada sin móviles para mañana, especialmente orientada a la gente joven, que incluirá una ruta por el Camino Primitivo de Santiago, una comida campestre y una actuación sorpresa. Esta iniciativa del gobierno local está incluida dentro el programa +Xti 2023, que subvenciona el Plan Nacional sobre Drogas.

La ruta por el Camino Primitivo, entre las 18.00 y 20.30 horas, será dirigida por Guido Guía. Incluye una comida campestre con alimentos saludables, una actuación sorpresa y regalos para los asistentes. La inscripción es gratuita y está abierta en la web www.lugomasxti.org, El aforo total será de 35 participantes.

Además, la Praza Maior acogerá los días 11 y 12 de julio, de 17.30 a 21.30 horas, una jornada de sensibilización, dirigida a los jóvenes, sobre drogas y conducción. Será abierta y sin inscripción previa.

pressreader PRINTED AND DISTRIBUTED BY PRESSREADER PressReader.com +1 604 278 4604 COPYRIGHT AND PROTECTED BY APPLICABLE LAW